



LUNS 13 de ABRIL 2020

## NOTA INFORMATIVA PARA O ALUMNADO E FAMILIAS

Boa tarde!

Esperamos que durante estas vacacións que agora rematan descansarades moito e recuperarades forzas para a recta final!

Mañá retomamos as clases virtuais comezando deste xeito o 3º trimestre.

Seguimos agardando as instrucións da Consellería de Educación en relación ao desenvolvemento deste 3º trimestre. Temos constancia de que este mércores 15 de abril haberá unha reunión no Ministerio de Educación co fin de desenvolver as directrices a seguir para este último tramo do curso 2019-20.

En relación á actividade lectiva desta semana (do martes 14 ao venres 17 de abril) destacamos a seguinte novidade:

- A Consellería de Educación puxo á disposición de todos os centros educativos a plataforma de **videoconferencias CISCO WEBEX**. Polo tanto, a partir desta semana, o **profesorado pode poñerse en contacto co alumnado a través dela**. Na nosa web (marxe dereita) temos un vídeo titorial para acceder a dita plataforma e poder conectarvos coas **VIDEOCLASES** do voso profesorado, que vos invitará ás sesións de vídeo a través do voso email.

Aquí tedes a ligazón **ao vídeo titorial para as VIDEOCLASES**: [LIGAZÓN](#)

Lembrede **entrar na CORONAXENDA do voso curso** para ver as tarefas que o profesorado ten planificadas para esta semana seguindo o voso horario habitual de clase. Atoparedes a CORONAXENDA na marxe dereita da nosa web. [LIGAZÓN Á WEB DO CENTRO](#).

Apertas, paciencia e MOITO ÁNIMO!!!

SAÚDOS E SAÚDE!!!